

## Acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 3 de marzo de 2017

### Asistentes:

Bergareche Gros, Almudena  
Jiménez Alemán, Ángel Aday  
Montesinos Padilla, Carmen  
Movilla Pateiro, Laura  
Noriega Rodríguez, Lydia  
Pazos Pérez, Alexandre

### PDI A

Aneiros Pereira, Jaime  
Cabeza Pereiro, Jaime  
Cal Bouzada, Isabel  
Costas Comesaña Julio  
Domínguez Rubira, Carmen  
Fernández Carballo-Calero, Pablo  
Fernández Docampo, M<sup>a</sup> Belén  
García Mosquera, Marta  
Ibañez Paz, Regina  
Loveira Pazó, Rosa María  
Mariño de Andrés, Ángel M.  
Martínez Hens, Helena  
Martínez Táboas, M<sup>a</sup> Teresa  
Martínez Yáñez, Nora María  
Muleiro Parada, Luis Miguel  
Orge Míguez, Jose Carlos  
Rodríguez Damián, Amparo  
Rodríguez Rodríguez, Emma  
Ruiz Hidalgo, Carmen  
Trigo Gómez, Pilar

### PDI B

Barreiro Carril, M<sup>a</sup> Cruz

Estévez Abeleira, Teresa

Torres Pérez, Francisco José

Alumnos 1<sup>º</sup>, 2<sup>º</sup> e 3<sup>º</sup> ciclo

Docampo Dorado, Lía

Fernández García, Heitor

López Troncoso, Tamara

Rivera González, Paula

Vázquez Fernández, Roberto

Villaverde Carrera, Eduardo

### PAS:

López Prieto, María Nieves

Ramil Vázquez, Paula

Zas Varela, Mónica

### Escusan a súa ausencia:

Arias Martínez, M<sup>a</sup> Antonia

Bravo Bosch, María José

Fernández Acevedo, Rafael

Ferrero Martínez, M<sup>a</sup> Dolores

García Freira, Mónica

García Gestoso, M<sup>a</sup> Noemi

Macías Cambra, Henrique

Manzano González, Baltasar

Pacho Blanco, José Manuel

Padín Fabeiro, Carmen

Valcárcel Fernández, Patricia

Valeije Álvarez, Inma

O 3 de marzo de 2017, na Aula A3 da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, ás 12:23 horas, en segunda convocatoria, deu comezo a reunión da Xunta de Facultade, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 12 de xaneiro de 2017.
2. Informes da Sra. Decana.
3. Aprobación, se procede, das PDA para o Grao en Dereito, Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e o PCEO ADE-Dereito para o curso 2017/2018.
4. Aprobación, se procede, dos límites de prazas de acceso por recoñecemento de 30 créditos ECTS (traslados desde universidades españolas e estranxeiras) e para cambio de centro no Grao en Dereito, Grao en Relación Laborais e Recursos Humanos e no PCEO ADE-Dereito para o curso 2017/2018.
5. Aprobación, se procede, das listaxes priorizadas de Departamentos susceptibles de asumir os encargos docentes de cada materia para o curso 2017/2018.
6. Aprobación, se procede, do profesorado responsable do PAT para o curso 2017/2018.
7. Aprobación, se procede, da distribución da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso 2017/2018.
8. Aprobación, se procede da memoria económica do orzamento da Facultade do exercicio 2016 e o orzamento da Facultade do exercicio 2017.
9. Aprobación, se procede, do Informe de Acreditación do Mestrado en Dereito de Empresa.
10. Aprobación, se procede, do Plan de acción de melloras do Mestrado de Dereito de Empresa.
11. Aprobación, se procede, da proposta da Comisión de Relacións internacionais de modificación dos criterios de selección dos candidatos e adxudicación das prazas no Grao en Dereito, o Grao en Relacións Laborais e o PCEO ADE-Dereito.
12. Aprobación, se procede, do regulamento da Revista da Facultade.
13. Aprobación, se procede, de modificacións de horarios.
14. Rolda aberta de intervencións.

**1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 12 de xaneiro de 2017.**

A Decana comunica que se corrigiu o erro tipográfico no nome de Amparo Rodríguez Damián e se incluíu a desculpa de Isabel Cal Bouzada pola súa ausencia.

Apróbase por asentimento.

**2. Informes da Sra. Decana.**

A Decana informa que desculpou a súa ausencia os profesores/as María José Bravo Bosch, Rafael Fernández Acevedo, Carmen Padín Fabeiro, María Antonia Arias Martínez, Baltasar Manzano González, Inma Valeije Álvarez, Noemi García Gestoso, Patricia Valcárcel Fernández, Mónica García Freiría, Henrique Macías Cambra, Loly Ferrero Martínez, Xosé Manuel Pacho Blanco

A Decana sinala que o motivo de ternos reunido na Aula A3 e non no Salón de Graos é a celebración do acto de defensa da tese de doutoramento de Zugey Velázquez González, e que ademais é estritamente necesario celebrar esta Xunta de Facultade dado o prazo para a aprobación do informe de calidade do Máster en Dereito de Empresa.

A Decana agradece a todos os membros desta Facultade a colaboración na visita da ACSUG para a acreditación do grao en Dereito e expresa que a valoración manifestada no informe oral foi moi favorable. Considera que é conveniente organizar unha sesión informativa co alumnado de terceiro curso dos graos en Relacións Laborais e Recursos Humanos e de Dereito, especialmente co deste último, e lembrarlle a posibilidade de cursar diferentes mencións dependendo da configuración das materias optativas. Trátase dunha carencia advertida pola Comisión da ACSUG durante a referida visita para a acreditación do Grao en Dereito.

A Decana sinala que os plans de internacionalización para os Graos en Dereito e Relacións Laborais foron aprobados.

Sobre a RPT, a Decana informa sobre a súa asistencia a unha reunión convocada polo Vicerreitor de asuntos económicos e o Xerente de persoal cos decanos das áreas xurídicas e sociais sobre a distribución do Pas coa implementación da RPT. Frente ás diferentes propostas presentadas, a postura da Decana é defender que alomenos os servizos esenciais relacionados coa Facultade sexan atendidos na súa sede.

Finalmente a Decana comunica que continúan as visitas de institutos á Facultade e que se celebrou unha sesión de formación para a elaboración do TFG, na que participaron máis de 100 asistentes.

### **3. Aprobación, se procede, das PDA para o Grao en Dereito, Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e o PCEO ADE-Dereito para o curso 2017/2018.**

En primeiro lugar, a Decana advirte que houbo unha serie de discrepancias coas Vicerreitorías de Organización Académica e de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais sobre a atribución de docencia en inglés. Nas propostas de PDA incluíronse os grupos en inglés solicitados polas diferentes áreas.

En canto ao **Grao en Dereito**, a Decana indica que para o curso 2017/2018 a Facultade conta con 500 horas menos debido á extinción do plan antigo do título. Proponse organizar a docencia en 1 grupo teórico e en 5 grupos prácticos, excepto no caso das materias optativas, que se organizarían en 1 grupo teórico e en 1 grupo práctico. Esa distribución implica que o total de horas na PDA escasamente supere as atribuídas pola Vicerreitoría de Organización Académica, o cal foi autorizado. A Decana cede la palabra á Vicedecana Lydia Noriega, quen lembra que houbo unha reunión coas diferentes áreas e detalla a descrición realizada pola Decana.

O profesor Jaime Aneiros solicita unha matización con respecto aos grupos de docencia en inglés que corresponden á área de coñecemento de Dereito Tributario, e afirma que a atribución de menos horas supuxo que non se poidan atribuír máis grupos teóricos en 3º, como se fixera ata o de agora. Considera que esa consecuencia tería que ter sido tratada coa Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado.

A Decana aclara que esta diminución de horas débese estritamente á extinción do plan antigo do grao en Dereito advertindo que, en todo caso, os cursos que máis sofren os problemas de distribución dos grupos, tanto teóricos como prácticos, son 1º e 2º, dado que o número de alumnos/as é notablemente superior que nas materias de 3º curso. Afirmo que se compromete a continuar reivindicando a atribución dun maior número de horas para todas as titulacións de grao da Facultade.

A proposta de PDA para o título de grao en Dereito apróbase por unanimidade.

Sobre a proposta de PDA para o Grao en **Relacións Laborais e Recursos humanos**, en primeiro lugar a Decana agradece á profesora Belén Fernández, coordinadora deste Grao, a súa colaboración tanto na elaboración da proposta como na reivindicación ante a Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado do mantemento da oferta de optatividade de 3º e 4º durante o curso 2017/18 que en principio non constaba nas horas atribuídas na PDA. En segundo, indica que a proposta é practicamente idéntica á distribución do curso 2016/2017, incluído o número de horas atribuídas pola Vicerreitoría. Tamén agradece ao profesor Jaime Cabeza por incorporarse á oferta de docencia en inglés, o que supón a inclusión dos correspondentes grupos en dúas materias. A Decana sinala que o profesor Orge trasladou unha proposta ao Decanato consistente na atribución de 1 grupo teórico e 5 prácticos en todas as asignaturas. Finaliza a súa intervención cedendo a palabra á Vicedecana Lydia Noriega quen indica a proposta de distribución curso por curso.

A Decana abre a quenda de intervencións. En primeiro lugar o profesor Orge lembra o contido da súa proposta, plantexando que sería conveniente que a distribución fose 2 grupos teóricos e 5 prácticos no primeiro curso, e 1 grupo teórico e 4 prácticos no resto de cursos.

Interveñen as profesoras Pilar Trigo e Belén Fernández manifestando o seu apoio á anterior proposta, sempre e cando a mesma sexa acorde coa atribución de horas realizada pola Vicerreitoría de organización académica.

O profesor Jaime Cabezas solicita que a redistribución tamén se produza nas materias de 4º curso. A coordinadora do Grao, a profesora Belén Fernandez, e a Decana matizan que as materias obrigatorias de 4º tamén se desdobran, aínda que é certo que o número de matriculados non é tan alto.

Propónse incluír a proposta do profesor Orge na realizada polo equipo decanal e, polo tanto, distribuír a docencia das materias de 1º en 2 grupos teóricos e 5 prácticos. A distribución da docencia das materias de 2º curso, en 1 grupo teórico e 4 prácticos, igual que para as materias obrigatorias de 3º e de 4º. Finalmente, a docencia das materias optativas distribuiríase en 1 grupo teórico e 1 grupo práctico.

Apróbase por unanimidade.

Sobre a proposta de PDA do **PCEO en ADE-Dereito**, a Decana lembra que é necesario aprobar conxuntamente a proposta de PDA na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Comunica que nunha reunión co Decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e o Coordinador do PCEO acordouse unha

PDA cun exceso de 85 horas. Advirte que aínda non se conta coa autorización da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado, sinalando que se está reivindicando a autorización como consecuencia da necesidade destas horas para poder garantir a calidade da docencia impartida no PCEO en ADE-Dereito. A proposta que se presenta consiste en atribuír 1 grupo teórico e 2 prácticos na maioría das materias da simultaneidade.

O profesor Jaime Aneiros solicita aclaración sobre os posibles riscos desta proposta, e sinala a conveniencia de que as materias máis complexas contén cun número maior de grupos prácticos.

A Decana sinala que os riscos foron tidos en conta tanto polos decanos de ambas Facultades como polo coordinador do título. Afirmar que tanto a complexidade das materias como outros elementos de especial interese ao respecto, foron debidamente valorados na atribución dos grupos prácticos.

Intervén o profesor Jaime Cabeza para recordar que durante a mañá do día da celebración desta sesión da Xunta de Facultade se trasladou ao Decanato unha solicitude do Departamento de Dereito Público Especial de atribución da docencia da materia Políticas Sociolaborais do plan novo do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. A Decana sinala que esta cuestión será tratada no punto 5 da orde do día.

A continuación interveñen os profesores/as Teresa Martínez Taboas e Ángel Mariño de Andrés para plantexar a necesidade de que se atribúa un número maior de grupos prácticos nas materias de 1º curso. A Decana sostén que esta é unha reivindicación totalmente comprensible, compartida polo equipo decanal e que se trasladou á Vicerreitoría de Organización Académica. Sin embargo, no escenario actual, a alternativa sería igualar a distribución de todas as materias á baixa.

O profesor Jaime Aneiros pregunta se esta proposta de PDA foi tratada na Comisión de coordinación. A Decana aclara que non é obrigatorio, e que lamentablemente os prazos dados pola Vicerreitoría de Organización Académica non permitiron facelo.

Apróbase por unanimidade.

**4. Aprobación, se procede, dos límites de prazos de acceso por recoñecemento de 30 créditos ECTS (traslados desde universidades españolas e estranxeiras) e para cambio de centro no Grao en Dereito, Grao en Relación Laborais e Recursos Humanos e no PCEO ADE-Dereito para o curso 2017/2018.**

A Decana detalla a proposta que consiste en reservar en cada titulación de grao impartida polo Centro (Grao en Dereito, Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e PCEO ADE-Dereito) 5 prazos para traslados desde universidades españolas, 5 prazos para traslados desde universidades estranxeiras e 10 para cambio de centro.

Intervén en primeiro lugar o profesor Jaime Aneiros solicitando aclaración sobre se estes cupos están asociados aos programas de mobilidade. A Decana explica a diferenza entre estas reservas de prazas e os programas de mobilidade.

O profesor Jaime Aneiros advirte que existe o risco de que poidan incorporar alumnado cun expediente máis baixo que o que accede polo procedemento ordinario. A Decana sinala que este acceso está establecido normativamente e que para evitar o seu abuso se establecen límites.

Apróbase por unanimidade.

**5. Aprobación, se procede, das listaxes priorizadas de Departamentos susceptibles de asumir os encargos docentes de cada materia para o curso 2017/2018.**

A Decana, tras aclarar que ata este momento os títulos de grao non contaron con listas priorizadas de Departamento susceptibles de asumir os encargos docentes para cada materia, aborda a solicitude do Departamento de Dereito Público Especial, plantexada pola área de coñecemento de Dereito laboral, de asumir prioritariamente o encargo docente da materia Políticas sociolaborais do Plan novo do grao en Relacións Laborais e Recursos humanos.

Tras unha serie de intervencións por parte dos profesores/as José Carlos Orge, Jaime Cabeza, Carmen Ruiz, Luis Muleiro, Teresa Martínez, Belén Fernández, Marta García e Jaime Aneiros, solicitando aclaracións acerca das consecuencias da aprobación desta solicitude na proposta de PDA, e requirindo o profesor Jaime Cabeza que conste en acta que a aprobación desta solicitude pode acabar supoñendo un cambio na atribución da docencia da materia Políticas sociolaborais do Plan novo do Grao en Relacións laborais e Recursos humanos, o profesor José Carlos Orge propón que a priorización da asunción do encargo docente se realice a favor da área de coñecemento de Ciencia Política.

A continuación o profesor Jaime Cabeza intervén preguntando cal é o fondo da cuestión que se está tratando, e detalla os motivos da solicitude da área de Dereito do Traballo. Explica que as políticas sociolaborais son tan propias do ámbito público como do ámbito privado, polo que non hai motivo doutrinal para que esta asignatura se adscriba irremediamente á área de coñecemento de Ciencia política. Ademais, advirte que o único manual que existe na academia española sobre esta materia é o que el mesmo coordinou e no que participou boa parte do profesorado da área de Dereito do Traballo da nosa Universidade, polo que hai unha manifesta identidade dogmática entre o seu traballo investigador e o contido desta materia. Finalmente, advirte que nos planos de estudio das universidades españolas esta asignatura tamén é impartida por Dereito do Traballo.

A proposta presentada apróbase por 13 votos a favor da solicitude do Departamento de Dereito Público Especial, fronte aos 5 votos a favor da proposta do profesor José Carlos Orge de atribuír esta asignatura ao Departamento de Ciencia Política, Socioloxía e Filosofía, e con 10 abstencións.

**6. Aprobación, se procede, do profesorado responsable do PAT para o curso 2017/2018.**

A Decana propón os seguintes profesores:

*Grao en Derecho*

1º curso: Noemi Garcia Gestoso  
2º curso: Rafael Fernández Acevedo  
3º curso: Pablo Fernández Carballo-Calero  
4º curso: Inma Valeije Alvarez

*Grao en Relacións Laborais e Recursos humanos*

1º curso: Pilar Trigo Gómez  
2º curso: José Rodríguez Lago  
3º curso: Carmen Domínguez Rubira  
4º curso: Mar Rodríguez Domínguez

*PCEO ADE-Dereito*

1º curso: Xosé Manuel Pacho Branco  
2º curso: Marta García Mosquera  
3º curso: Julio Costas Comesaña.  
4º curso: Lydia Noriega Rodríguez.

Apróbase por unanimidade.

**7. Aprobación, se procede, da distribución da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso 2017/2018.**

La Decana cede a palabra á Vicedecana Lydia Noriega que advirte que se atribuíron 41 horas menos para o curso 2017/2018, manténdose os criterios. A pesar da redución sinalada, foi posible manter practicamente idénticas atribucións que no curso anterior grazas á xenerosa renuncia dos coordinares de relacións internacionais, e outros membros do equipo decanal. As diminucións consisten en 0,5 e 1 hrs. nas coordinacións, dependendo de se a asignatura é de 6 ou de 9 créditos respectivamente.

Tamén se sinala que a diferenza do documento enviado, e a proposta dos profesores Rafael Velázquez Pérez e Pablo Fernández Carballo-Calero, será este último a quen se atribúa o desconto por participar nos Tribunais de Traballos de Fin de Grao, a pesar de ser o profesor Rafael Velázquez o membro titular. Este último non puido estar presente en diferentes sesións, polo que considera que o recoñecemento debe recaer no profesor Pablo Fernández, quen o vén suplindo e o vai seguir facendo.

Apróbase por unanimidad.

**8. Aprobación, se procede da memoria económica do orzamento da Facultade do exercicio 2016 e o orzamento da Facultade do exercicio 2017.**

A Decana cede a palabra á Vicedecana Carmen Montesinos, tras recordar que segundo o art. 43 dos Estatutos da Universidade de Vigo é función da Xunta de Facultade aprobar a proposta de distribución de orzamento anual e da súa execución.

A Vicedecana advirte da urxencia coa que tivo que realizarse o orzamento do Centro para o ano 2017 como consecuencia da súa remisión pola Administradora do Centro cun prazo de dous días para a súa revisión e firma. Sinala as modificacións realizadas sobre a proposta inicial, ampliando a partida adicada á organización de conferencias e para adquisicións

bibliográficas.

O profesor Luis Muleiro solicita aclaración de se é necesario incluír a dotación dos títulos de máster nos orzamentos. A Vicedecana Carmen Montesinos aclara que así foron trasladados por quen recentemente asumiu as funcións de Administradora de Centro e que se confirmou a necesidade da súa aprobación na Xunta de Facultade en diversas conversas telefónicas coa anterior Administradora.

A profesora Helena Martínez Hens pide que se detalle o monto recollido na memoria na partida telefónica. A Vicedecana Carmen Montesinos sinala os detalles máis relevantes desta partida. O profesor Jaime Aneiros aclara que en anos anteriores se dotara dun maior monto á partida de comunicacións co obxectivo de poder realizar, no seu caso, as transferencias oportunas a outras partidas. Tamén sinala que esta partida non se destina exclusivamente a gastos de telefonía, senón tamén a gastos de telegramas e outros gastos de comunicacións. Considera que este punto da orde do día debería terse escindido en dous e inquire sobre o motivo que impediu que os orzamentos se realizasen a través dunha comisión de orzamentos como se anunciara.

A Decana lembra a perentoriedade coa que tiveron que elaborarse e advirte das dificultades derivadas da substitución da Administradora do Centro.

A Vicedena Carmen Montesinos realiza unha última matización advertindo que ao monto total presupostado para o ano 2017 haberá que engadir o remanente de 2017 e a partida adicada a laboratorios docentes.

El profesor Luis Muleiro insiste en que a aprobación do orzamento dos títulos de mestrado non corresponde á Xunta de Facultade. A Vicedena sinala que as consultas realizadas coa Administración do Centro indican que sí corresponde.

Finalmente, o profesor Pablo Fernández Carballo-Calero prega que a convocatoria para a adquisición de recursos bibliográficos se realice con tempo suficiente.

Apróbanse por unanimidade.

#### **9. Aprobación, se procede, do Informe de Acreditación do Mestrado en Dereito de Empresa.**

A Decana cede a palabra a profesor Luis Muleiro, quen explica que se seguiron as recomendacións plantexadas pola Área de calidade da Universidade, á que agradece a súa colaboración. Lembra que o prazo para enviar este informe á ACSUG finaliza o día no que está tendo lugar esta sesión da Xunta de Facultad.

Apróbase por unanimidade.

**10. Aprobación, se procede, do Plan de acción de melloras do Mestrado de Dereito de Empresa.**

A Decana cede a palabra ao profesor Luis Muleiro, quen afirma que non considera necesario facer ningunha aclaración máis.

Apróbase por unanimidade.

**11. Aprobación, se procede, da proposta da Comisión de Relacións internacionais de modificación dos criterios de selección dos candidatos e adxudicación das prazas no Grao en Dereito, o Grao en Relacións Laborais e o PCEO ADE-Dereito.**

Antes de ceder a palabra á Vicedecana Laura Movilla, a Decana advirte que a cuestión a tratar neste punto da orde do día xurdiu ante a necesidade de incluír o PCEO ADE-Dereito no proceso de adxudicación de prazas para os programas de mobilidade internacional. A Vicedecana Laura Movilla explica os detalles da proposta.

Unha vez aberto o turno de intervencións, a profesora María Cruz Barreiro manifesta que cre necesario sinalar que se trata dunha disposición transitoria ata que se elabore unha normativa específica para o PCEO ADE-Dereito. Continúa advertindo outra serie de deficiencias na normativa que lle levan a plantexar a necesidade de revisala e actualizala na súa integridade. Antes de finalizar a súa intervención solicita aclaración en canto aos acordos tomados na Comisión de Relacións internacionais.

A Decana aclara que o que se propón non trascende a inclusión do PCEO ADE-Dereito nos criterios de selección. Afirma que o equipo decanal entendeu que non era perentorio realizar unha normativa nova, pero que é consciente da súa conveniencia e que, consecuentemente, está sendo xa obxecto de estudo.

O profesor Luis Muleiro solicita que conste en acta que na sesión da Comisión de Relacións Internacionais non se enviou a documentación a pesar de que trata dunha normativa especialmente relevante.

A Vicedecana Laura Movilla aclara que a normativa foi tratada na Comisión de Relacións Internacionais, plantexándose a necesidade de incluír ao PCEO ADE-Dereito.

Finalmente, o profesor Pablo Carballo-Calero afirma que, como coordinador do Grao en Dereito considera que é necesario aprobar esta proposta, aínda que sen que iso obste a necesidade de aprobar unha normativa nova.

Finalizada a ronda de intervencións, apróbase a proposta por 12 votos a favor, 3 en contra e 2 abstencións.

## **12. Aprobación, se procede, do regulamento da Revista da Facultade.**

A Decana agradece o traballo realizado ata agora polo equipo anterior, con especial mención ao profesor Jaime Aneiros. Lembra que a mellora da Revista da Facultade foi un elemento destacado do programa co que concurriu ás eleccións a Decana. Advirte que o obxectivo fundamental é a súa institucionalización, para o que resulta imprescindible a aprobación dunha normativa que permita reunir o maior número de requisitos dos esixidos aos diferentes sistemas de indexación. Lembra á súa vez que esta normativa se presentou como documento de traballo nunha reunión previa coas áreas de coñecemento con docencia na Facultade.

A Decana cede a palabra á Vicedecana Laura Movilla, quen brevemente presenta os elementos máis relevantes do Regulamento.

A continuación o representante do alumnado, Roberto Vázquez, solicita aclaración sobre a posibilidade de participación do alumnado na Revista. Tanto a Decana como a Vicedecana confirman a dita posibilidade. Quen subscribe esta acta sinalou que o equipo decanal está traballando nunha convocatoria de premios para os traballos de fin de grao e fin de master, de modo que os mellores traballos de cada promoción serían incluídos na Revista

Tras esta aclaración entrevistou o profesor Jaime Aneiros. Agradeceu a deferencia da Decana, e expresou o seu desexo de que a Revista sexa resultado dun esforzo colectivo, sendo un dos obxectos da política de calidade do centro e un instrumento de transferencia do coñecemento xerado nesta Facultad.

Sinalou a súa sorpresa e desacordo con certas cuestións do Regulamento, como as relativas á necesidade de contar cun consello de dirección e un consello de redacción (requirido por latindex), así como que os diferentes apartados nos que antes se estruturaba a Revista agora aparezan unidos. Considera que todo isto supón un retroceso e non un avance para a Revista.

A Decana, tras recordar que se celebrou unha reunión con todas as áreas de coñecemento, cedeu a palabra á Vicedecana Laura Movilla, quen expuxo os motivos polos que se propuxeron os órganos de dirección previstos no regulamento e a nova estrutura do contido da Revista. Afirma que estas propostas son plenamente acordes cos diferentes criterios de indexación.

Finalmente intervén o profesor Pablo Fernández Carballo-Calero sinalando a complexidade propia das revistas científicas, e aclara que con esta proposta de regulamento o que se plantexou é dar un novo impulso á Revista da Facultade, tratándose dunha regulación cuxo obxectivo é articular este proxecto na súa fase inicial.

Apróbase por 13 votos a favor, 3 en contra e ningunha abstención.

## **13. Aprobación, se procede, de modificacións de horarios.**

A Decana sinala que no primeiro curso do PCEO ADE-Dereito, e contando co visto e prace do coordinador do dobre grao, os profesores Teresa Martínez Taboas e Aday Jiménez Alemán invertiron as súas horas de clase dos xoves, impartindo Dereito Constitucional I de 9:00 a 10:15 e Historia do Dereito de 10.15 a 11.30 hrs.

Tamén sinala que no primeiro curso do Grao en Dereito, a petición do alumnado, propónse que o grupo D de prácticas de Historia do Dereito se imparta o xoves de 11:30 a 12:50 hrs.

Finalmente, e tamén a petición do alumnado, a clase teórica do grupo en inglés de Dereito constitucional no primeiro curso de Relacións Laborais, se impartirá os xoves a partir das 12:50 hrs.

Os cambios apróbanse por unanimidade.

#### **14. Rolda aberta de intervencións.**

Non houbo.

Finaliza a sesión, sendo as 14:57, do que como secretario dou fe.

Ángel Aday Jiménez Alemán